

	 <p>Amigos da Terra</p>		amigosdaterra.net
--	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--	-------------------

Amigos da Terra

Rúa Velázquez Moreno, 9 - 2º D. 36202 Vigo (Pontevedra)

Teléfono: [34] 986 229 089

e-mail: info@amigosdaterra.net

ALIMENTOS QUILOMÉTRICOS: INVESTIGUEMOS COMO FREAR O CAMBIO CLIMÁTICO CO QUE COMEMOS CADA DÍA!

O informe "Alimentos Kilométricos", realizado por Amigos da Terra coas universidades de Vigo e Sevilla analiza o impacto climático dalgúns dos alimentos cotiás que importa anualmente o estado español e traduce a toneladas de CO2 equivalentes o dano colateral da nosa alimentación industrializada. A través deste estudo comprobouse que os alimentos que consumimos veñen cada vez de máis lonxe: garavanzos de México, "pementos de Padrón" de Marrocos ou kiwis de Nova Zelandia. **Anualmente cada tonelada viaxa unha media de 5.013 Km!** Mentres en Galicia as terras de cultivo se abandonan, noutros lugares do Sur do planeta selvas e pobos son arrasados para producir alimentos industriais baratos que viaxarán miles de quilómetros ata chegar ás nosas mesas. A través das actividades que desenvolveremos ao longo da xornada, os/as participantres investigarán e descubrirán cómo frear esta viaxe sen retorno co que comemos cada día!

Obxectivos

- Visualizar o entramado do actual modelo de produción de alimentos
- Analizar as consecuencias ambientais, económicas e sociais deste modelo
- Coñecer alternativas e opcións máis respetuosas e sostibles

Contidos e Metodoloxía

1. Análitica e reflexiva: visualizaremos a orixe dos alimentos tendo en conta as emisións de CO2, a superficie necesaria para a súa produción a escala mundial e a pegada ecolóxica deste modelo
2. Valorativa e proactiva: a través dun xogo asimilaremos os diferentes pasos da cadea de produción de alimentos, descubriremos as implicacións e consecuencias dun modelo industrializado fronte a un máis sostible e valoraremos as posibilidades que temos para mudar.
3. Crítica e constructivista: comprobaremos in situ, a través da visita polo propio Centro, a viabilidade da redución de consumos enerxéticos, así como a produción a partir de diferentes fontes renovables.

Destinatarios/as: a partir de 5º de Primaria

Xogando podemos aprender a tomar decisións razoadas que conleven melloras, para as persoas e o planeta!

*amigos da terra forma parte de amigos de la tierra internacional [foei], unha federación de organizacións de todo o mundo activas en campañas para protexer o medio ambiente e crear sociedades sostibles
amigos da terra figura no rexistro central de asociacións co número 84/98*

